

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

Aprobados polo Padroado o 13 de febreiro de 2015

TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS	3
Art. 1.- Denominación e natureza.....	3
Art. 2.- Personalidad e capacidade	3
Art. 3.- Réxime	3
Art. 4.- Domicilio.....	3
Art. 5.- Ámbito de actuación	3
TÍTULO SEGUNDO. OBXECTO DA FUNDACIÓN.....	4
Art. 6.- Fins	4
Art. 7.- Actividades fundacionais	4
Art. 8.- Liberdade de actuación e servizos comunitarios	6
TÍTULO TERCEIRO. REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS.....	7
Art. 9.- Destino das rendas e ingresos	7
Art. 10.- Beneficiarios.....	7
TÍTULO CUARTO. GOBERNO DA FUNDACIÓN: O PADROADO	7
Art. 11.- Natureza.....	7
Art. 12.- Composición.....	7
Art. 13.- Duración do cargo	8
Art. 14.- Nomeamento e relevo de patróns.....	8
Art. 15.- Aceptación do cargo de patrón	8
Art. 16.- Cese dos patróns	9
Art. 17.- Organización do padroado	10
Art. 18.- O presidente.....	10
Art. 19.- O vicepresidente	11
Art. 20.- O secretario	11
Art. 21.- O tesoureiro e o xerente	12
Art. 22.- Facultades do padroado	12
Art. 23.- Reunións do padroado e convocatoria	14
Art. 24.- Formas de deliberar e adoptar acordos	14
Art. 25.- Deberes do padroado.....	15
Art. 26.- Deberes e responsabilidades dos patróns.....	15
Art. 27.- Carácter gratuíto do cargo de patrón	15
TÍTULO QUINTO. RÉXIME ECONÓMICO.....	16
Art. 28.- Patrimonio fundacional	16
Art. 29.- Dotación da fundación.....	16
Art. 30.- Adscripción do patrimonio fundacional	16
Art. 31.- Financiamento.....	16
Art. 32.- Réxime contable.....	17
Art. 33.- Administración.....	17
Art. 34.- Plan de actuación, contas anuais e auditoría.....	17
TÍTULO SEXTO. DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN	18
Art. 35.- Modificación de Estatutos.....	18
Art. 36.- Fusión con outra fundación	18
Art. 37.- Extinción da fundación	18
Art. 38.- Liquidación e adxudicación.....	19
CLÁUSULA ADICIONAL.....	19

TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Denominación e natureza

Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, co seu patrimonio afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade

A fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Réxime

A fundación rexerese polos presentes Estatutos e as disposicións legais que lle sexan aplicables, en especial pola Lei 12/2006 do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e polo Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado por Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro ou disposicións que as substitúan; así como polo que dispoñan o padroado e os seus órganos delegados nos ámbitos das súas respectivas competencias.

Artigo 4.- Domicilio

A fundación terá o seu domicilio na rúa Alejandro Novo González, 1, de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña. O padroado poderá promover o cambio de domicilio, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5.- Ámbito de actuación

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO SEGUNDO. *OBXECTO DA FUNDACIÓN*

Artigo 6.- Fins

Partindo da dignidade de todo ser humano, o obxecto da fundación constitúeo a promoción e realización de todas cantas actividades contribúan á mellora das condicións e da calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, procurando a súa plena integración familiar, escolar, social e laboral; e o desenvolvemento dunha vida normal, nun marco de solidariedade respecto de outras discapacidades, con atención ao disposto na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

No marco de normalización e respecto á diversidade, e para conseguir unha mellor integración social, a fundación, no desenvolvemento dos seus fins, promoverá relacións con outras persoas e colectivos, públicos ou privados, con fins análogos aos seus propios, e en particular coa Asociación Síndrome de Down de Compostela. Así mesmo, a fundación poderá integrarse en federacións ou outras entidades de ámbito xeográfico superior, igual ou inferior, ou máis concreto, sempre que isto non supoña a perda de su identidade.

Artigo 7.- Actividades fundacionais

A fundación asume como actividades propias tódalas que contribúan aos fins enunciados no artigo anterior, entre elas as seguintes:

- 1) Promover e potenciar a realización de estudos ou investigacións nos campos da Medicina, Psicoloxía, Educación, Socioloxía, Dereito e outras ciencias, relacionadas co coñecemento das causas e efectos da Síndrome de Down e outras discapacidades, así como a aplicación das medidas de toda índole que poidan contribuír á mellora da saúde e potenciación do desenvolvemento integral e da vida en sociedade das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 2) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos, congresos e conferencias e, en xeral, a realización de calquera outra actividade que posibiliten a información e formación de pais, titores e profesionais relacionados coas persoas que teñen Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 3) Promover ou realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado.
- 4) Realizar actividades de prevención e facilitar servizos de información, orientación e apoio ás familias nas que algúns dos seus membros teña Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Promover e proporcionar o apoio formativo e psicosocial necesario para detectar, previr e superar as situacións de desprotección e outras dificultades na familia, así como para crear nela un entorno que favoreza a integración e

la autonomía persoal. Colaborar na formación e preparación dos que tutelan, coidan ou conviven con persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, co fin de mellorar a súa capacitación en interese destes.

- 5) Procurar que os diversos servizos e axudas existentes sexan empregados polas persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, sen discriminación algunha por motivos económicos, sociais, políticos, relixiosos ou de calquera outra índole.
- 6) Procurar que toda persoa con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual reciba os servizos que precise, chegando incluso á prestación de axuda económica, material e persoal cando resultara imprescindible, unha vez esgotadas as vías públicas de subvención, exercendo tarefas de intermediación nas relacións dos beneficiarios coas administracións públicas.
- 7) Promover a creación, se se considerara necesario, de aqueles servizos que poidan axudar a mellorar a asistencia, coidado, educación, desenvolvemento, formación, actividade laboral e aproveitamento do tempo libre, e todas aquelas outras facetas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Con este obxectivo impulsarase, e no seu caso facilitarase, a atención temperá, os programas persoais de desenvolvemento psicomotriz e cognitivo, o reforzo educativo e a formación e apoio prelaboral e laboral. Así mesmo facilitarase no posible o aloxamento independente de acordo con criterios de oportunidade e responsabilidade.
- 8) Difundir os principios da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e vixiar e impulsar o seu cumprimento. Participar na educación e sensibilización da sociedade na solidariedade e o respecto dos dereitos das persoas con discapacidade.
- 9) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras persoas ou entidades que realicen actividades tendentes a fins análogos.
- 10) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 11) Promover proxectos de integración familiar, escolar, laboral, social e programas de saúde.
- 12) Fomentar a promoción da muller con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en tódolos ámbitos.
- 13) Fomentar todas aquelas políticas dirixidas a excluír e suprimir a discriminación das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades.
- 14) Favorecer a inclusión social das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual, abordando as desvantaxes educativas e aumentando a súa participación no mercado de traballo, entre outras medidas, para lograr unha igualdade real de oportunidades en tódolos ámbitos.

- 15) Promover e organizar actividades de ocio e tempo libre dirixidas a mozos e mozas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, que fomenten a súa participación na sociedade e, polo tanto, a súa integración social, podendo crear, chegado o caso, unha sección xuvenil.
- 16) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.
- 17) Promover e fomentar a implicación e participación dos voluntarios nas fins da fundación, podendo, para iso, elaborar un plan de voluntariado.
- 18) Exercer o dereito de voz en representación das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en cuestións de interese xeral, a petición delas ou dos seus pais ou titores legais, diante de institucións, entidades privadas, organismos ou a administración local, provincial, autonómica e estatal ou de ámbito supranacional.
- 19) Evitar e, se fora necesario, denunciar a todas aquelas persoas, entidades, colectivos ou grupos, sexan da natureza privada ou pública, cuxas condutas atenten e poñan en risco os dereitos e intereses lexítimos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 20) Exercer a tutela de persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 21) Participar en sociedades mercantís e desenvolver calquera tipo de actividade económica, cos límites e esixencias legais, en beneficio das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, xa sexa para financiar actuacións ou para facilitar a súa formación laboral e emprego.
- 22) Calquera outra que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e á realización das fins da fundación.

Artigo 8.- Liberdade de actuación e servizos comunitarios

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación que considere máis adecuadas en cada momento para perseguir os fins desta, nun marco de colaboración con outras entidades públicas e privadas que os compartan. Con este propósito, favorecerá a prestación estable de servizos sociais comunitarios e o funcionamento dun centro integral de servizos en interese das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual de Santiago de Compostela e a súa comarca.

TÍTULO TERCEIRO. REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9.- Destino das rendas e ingresos

1. Á realización dos fins fundacionais deberá destinarse, polo menos, a porcentaxe que en cada momento determine a normativa vixente das rendas e ingresos obtidos pola fundación por calquera título ou causa. O resto, unha vez deducidos os gastos de administración, deberá destinarse a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo padroado.
2. Os gastos de administración non poderán superar a contía máxima fixada na lexislación vixente.

Artigo 10.- Beneficiarios

A Fundación Down Compostela dirixirá as súas actuacións especialmente ás persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e ós seus familiares. Se fose preciso limitar o número de beneficiarios por razóns de calidade do servizo ou de recursos dispoñibles, apreciadas polo padroado, este establecerá criterios imparciais de admisión dando prioridade ás persoas coa Síndrome de Down.

TÍTULO CUARTO. GOBERNO DA FUNDACIÓN: O PADROADO

Artigo 11.- Natureza

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes Estatutos.

Artigo 12.- Composición

1. O padroado quedará composto por un mínimo de sete (7) e un máximo de vinte (20) membros. O primeiro padroado será o designado na escritura de constitución.

2. Polo menos o sesenta por cento (60%) dos membros do padroado, redondeando o número por exceso, deberán ser persoas coa Síndrome de Down ou ben seus fillos, pais, irmáns, avós ou titores legais.
3. Polo menos o sesenta por cento (60%) dos membros do padroado, redondeando o número por exceso, deberán ser representantes da Asociación Síndrome de Down de Compostela. Os restantes membros poderán ser representantes de outras persoas xurídicas, así como persoas físicas a título particular.

Artigo 13.- Duración do cargo

Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de catro anos, e poden ser reelixidos indefinidamente. Non obstante, os patróns representantes de persoas xurídicas manterán a súa condición en tanto non perdan dita representación por acordo do órgano competente para substituílos, sen prexuízo das demais causas de cese dispostas no artigo 16.

Artigo 14.- Nomeamento e relevo de patróns

O nomeamento de patróns, tanto para completar o número máximo de membros como para cubrir as vacantes que se produzan, será competencia do padroado. No caso de relevo ou incorporación de patróns representantes de persoas xurídicas, o nomeamento recaerá nas persoas físicas designadas para este fin polo órgano competente das persoas xurídicas ás que representan.

Coas excepcións que se sinalan no artigo 16, o nomeamento e cese de patróns será acordado polo padroado, por maioría absoluta dos seus membros.

O relevo dos patróns comunicaráse formalmente ao protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Despois do cese dun patrón representante dunha persoa xurídica, no prazo máximo de tres meses, o padroado procederá a cubrir a vacante coa persoa física que aquela designe para substituílo.

Artigo 15.- Aceptación do cargo de patrón

Os patróns iniciarán a súa xestión despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá efectuarse de calquera das formas legalmente admitidas e se notificará formalmente ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de fundacións.

Artigo 16.- Cese dos patróns

1. O cese dos patróns da fundación producirase nos supostos seguintes:
 - a) Por morte ou declaración de falecemento da persoa física, así como por extinción da persoa xurídica da que o patrón é representante, no seu caso.
 - b) Por renuncia voluntaria comunicada coas debidas formalidades.
 - c) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
 - d) Por cese no cargo por razón da cal foron nomeados os membros do padroado.
 - e) Por resolución xudicial.
 - f) Polo transcurso do período do seu mandato se foron nomeados por un tempo determinado e non se produciu a renovación na forma debida.
 - g) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante legal.
 - h) Polo transcurso do prazo de seis meses dende o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter solicitada a inscrición no correspondente Rexistro de fundacións.
 - i) Por incapacidade sobrevida ou polo incumprimento grave e reiterado das súas obrigas.
 - k) No caso de patróns persoas xurídicas, por non designar, no prazo máximo de tres meses desde o seu nomeamento, persoa física que as represente, cando así proceda.
 - l) Por calquera outra causa legalmente prevista.
2. Na aplicación das causas de cese dos patróns se terán en conta as seguintes regras:
 - a) A separación por acordo do padroado non estará suxeita a outras limitacións que ás do procedemento establecidas nestes Estatutos e será inmediatamente efectiva.
 - b) A renuncia será efectiva dende o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da fundación. A renuncia ao cargo de patrón presentarse por escrito dirixido ao presidente ou vicepresidente e deberá basearse en xusta causa, apreciada polo menos por unha cuarta parte dos demais patróns.
 - c) En todo caso, a renuncia simultánea do presidente e vicepresidente ou vicepresidentes, así como a renuncia dun número de patróns que impida a válida reunión do padroado, non será efectiva ata tanto non se celebre unha reunión que permita elixir os seus substitutos.
 - d) As situacións de incapacidade e de incumprimento grave de deberes deberán ser apreciadas polos demais patróns, por maioría absoluta do padroado

Considerarase incumplimento grave, en especial, a non asistencia, persoalmente ou por representación, ás reunións do padroado, por causa non xustificada e por un período igual ou superior a un ano.

- e) A proposta de destitución dun patrón deberá constar na orde do día da reunión do padroado que deba debater o asunto, aínda que non constará a súa identidade nin as posibles causas.

Se o patrón deposto non asiste á reunión, notificaráselle a decisión formalmente, facendo constar o seu dereito a facer alegacións no prazo máximo dun mes. Se o patrón fai efectivamente alegacións, o presidente convocará necesariamente sesión do padroado, no prazo non superior a un mes desde que as reciba, para debatelas e adoptar unha decisión definitiva, todo isto sen prexuízo dos recursos e alegacións que en dereito correspondan.

Artigo 17.- Organización do padroado

1. Poderán ser membros do padroado da fundación tanto as persoas físicas como as xurídicas.

As persoas físicas que sexan membros do padroado deberán ter plena capacidade de obrar, non podendo estar inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

Os membros do padroado que sexan persoas xurídicas deberán nomear á persoa ou persoas físicas que os representen, de acordo coas súas normas de funcionamento, debendo deixar constancia da súa aceptación nas formas previstas na lei.

O cargo de membro do padroado que recaia nunha persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

No suposto de que o membro do padroado sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente corresponda a súa substitución.

2. O padroado designará de entre os seus membros un presidente e un secretario, así como un ou varios vicepresidentes e un vicesecretario, que substituirán aos anteriores en caso de ausencia ou enfermidade. O padroado tamén poderá nomear un tesoureiro e un xerente.

Artigo 18.- O presidente

1. Ao presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo dos supostos de relevo ou apoderamento previstos na lei e en estes Estatutos. Así mesmo, acordará a

convocatoria e fixará a orde do día das reunións do padroado, presidirá e dirixirá os seus debates e, se é o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e firmar aqueles documentos necesarios para tal fin.

- Entre as facultades que pode realizar o presidente figuran as seguintes: operar en caixas oficiais, caixas de aforro e bancos, incluso o Banco de España, e nas súas sucursais, facendo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan, tales como abrir, seguir, retirar fondos e cancelar contas e libretas de aforro, contas correntes e caixas de seguridade. Xirar contra ditas contas por medio de cheques, talóns, cartas ou nas formas procedentes, así como facer transferencias con cargo e a favor delas. Comprar, vender, cambiar e peñar valores e cobrar os seus réditos, dividendos e amortizacións. Facer e recibir préstamos, concertar pólizas de crédito, en todas as súas modalidades, tales como para desconto, factoring, cesión de crédito ou outras análogas; podendo ceder, peñar ou gravar, se é o caso, en favor das entidades de crédito, calquera dereito de crédito ou subvención que teña que recibir a fundación, todo iso como garantía de ditas operacións de préstamo ou crédito; pólizas de arrendamento financeiro (leasing ou renting). Solicitar e obter avais, incluso bancarios, pólizas de afianzamento ou de contragarantía e calquera outra que sexa de práctica común na banca. Modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.
- O Presidente do padroado será designado polo padroado entre os membros deste que cumpran o disposto no apartado 2) do artigo 12 dos presentes Estatutos.

Artigo 19.- O vicepresidente

Corresponderá ao vicepresidente, ou vicepresidentes, pola súa orde, realizar as funciónes do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da fundación en aqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

En caso de ausencia do presidente e do vicepresidente ou vicepresidentes, estes serán substituídos polo patrón de maior idade que cumpra os requisitos establecidos no apartado 2) do artigo 12 dos presentes Estatutos.

Artigo 20.- O secretario

Son funcións do secretario custodiar a documentación pertencente á fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas inherentes á súa condición ou que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo vicesecretario e, en ausencia tamén deste, polo patrón que o presidente designe.

Artigo 21.- O tesoureiro e o xerente.

1. Son funcións do tesoureiro levar ou supervisar a contabilidade e documentación económica da fundación, así como elaborar os orzamentos, presentar as contas anuais e expedir as certificacións e informes económicos que sexan necesarios, así como todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.
2. O padroado poderá encargar o exercicio da xestión común ou administrativa das súas actividades a unha persoa física ou xurídica con solvencia técnica acreditada, dentro dos límites establecidos pola lei y coa remuneración axustada ás funcións desempeñadas.

Artigo 22.- Facultades do padroado

1. Corresponderalle ao padroado o goberno da fundación, a dirección da súa administración e a disposición dos seus bens.

A súa competencia esténdese tamén a todo o concernente á modificación e interpretación dos presentes Estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente, á interpretación da vontade fundacional, e á resolución de tódolos incidentes que se presenten no funcionamento da fundación.

No ámbito patrimonial, correspóndelle ao padroado autorizar toda clase de actos e contratos de administración, disposición e rigoroso dominio, sen máis excepcións que as que se establecen no apartado seguinte e con liberdade para establecer pactos e condicións.

2. Sen prexuízo das demais funcións que lle atribúen os presentes Estatutos e a lei, e do deber de solicitar as preceptivas autorizacións ao protectorado, serán facultades do padroado:
 - a) Exercer o goberno e a inspección, planificación, vixilancia e orientación da fundación.
 - b) Cumprir e facer cumprir os presentes Estatutos. Interpretar e desenvolver os presentes Estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
 - c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación.
 - d) Aprobar o plan de actuación, e as contas anuais, que serán obxecto de presentación ao protectorado.

- e) Contratar e despedir persoal, fixando o íntegro contido da relación laboral.
- f) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - I. A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
 - II. A formulación de orzamentos.
 - III. A modificación dos Estatutos
 - IV. O acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación
 - V. Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.
- g) Realizar todo tipo de actos e contratos de administración, disposición ou gravame, sobre bens mobles e inmobles, con suxeición ás seguintes regras:
 - I. Nas alienacións a título oneroso de bens inmobles, será requisito previo a taxación pericial, sen que se poidan vender por prezo inferior.
 - II. Os valores suxeitos a cotización oficial tampouco poderán venderse por prezo inferior ao da súa cotización.
 - III. A alienación ou a constitución de calquera gravame sobre bens inmobles deberá ser acordado por maioría absoluta dos membros do Padroado. Se exceptúan as hipotecas constituídas en garantía do prezo aprazado, constituídas polos propios bens dos cales o prezo se aprace
- h) Solicitar e percibir toda clase de préstamos.
- i) Transixir en cuestións litixiosas, xudiciais ou extraxudiciais, incluso mediante arbitraje de equidade.
- k) Exercer en nome da fundación toda clase de accións ante xulgados e tribunais de calquera clase, grado e xurisdición, corporacións, entidades, organismos e dependencias do Estado, xa se trate da Administración central xa da periférica, Comunidades Autónomas, Provinciais e Concellos. Así mesmo, seguir os procedementos e expedientes por tódolos seus trámites e incidentes, ata obter sentencias resolutorias firmes e a súa execución; opoñerse a eles e desistir deles e interpoñer recursos comúns e extraordinarios, incluso os de casación ante o Tribunal Supremo.

Con este fin poderáselles conferir poder a procuradores e avogados, coas facultades usuais e as especiais que o caso requira, e revocar ditos poderes.

- l) Ditar as súas propias normas de funcionamento interno, establecendo, dentro do ámbito destes Estatutos, normas sobre designación, por cooptación, renovación ou

- revogación de membros e cargos, convocatoria de reunións e forma de celebralas e de adoptar acordos, forma de levar os seus libros, especialmente o de actas.
- m) Delegar todas ou algunhas das súas facultades nalgún ou nalgúns dos seus membros, excepto as indelegables, incluso con carácter permanente; dar e revocar poderes xerais ou especiais.
 - n) Adoptar acordos sobre a transformación, extinción e liquidación da fundación nos casos previstos na lexislación vixente.
3. O padroado poderá acordar a creación dunha comisión executiva composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, secretario, vicesecretario e tesoureiro, e delegar nela as facultades enunciadas no apartado 2 do presente artigo, coas excepcións previstas na súa letra f), así como aquelas outras que contribúan a unha mellor administración da fundación

Artigo 23.- Reunións do padroado e convocatoria

O padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación.

Convocarase reunión del padroado por orde ou iniciativa da presidencia ou a petición das dúas terceiras partes dos membros.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela se fará constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, e enviarase, así mesmo, a orde do día.

Non será precisa convocatoria previa cando se atopen presentes tódolos patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Artigo 24.- Formas de deliberar e adoptar acordos

1. As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Salvo nos casos expresamente reflectidos nos presentes Estatutos, os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes, e será dirimente, en caso de empate, o voto do Presidente.

2. Non obstante, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros, para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos Estatutos, á disposición dos bens da fundación a título gratuito, á fusión e á extinción da fundación.
3. Das reunións do padroado redactará acta o Secretario. As actas serán aprobadas polo padroado na mesma ou na seguinte reunión e se conservará nun libro de actas que custodiará o Secretario.

Artigo 25.- Deberes do padroado

Na súa actuación, o padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes Estatutos.

Correspóndelle ao padroado cumprir as fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

O padroado dará información suficiente das fins e actividades da fundación para ser coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 26.- Deberes e responsabilidades dos patróns

1. Entre outras, son deberes dos patróns facer que se cumpran as fines da fundación, asistir ás reunións do padroado, desenvolver o cargo coa dilixencia dun representante legal, manter o rendemento, utilidade e produtividade dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, e cumprir nas súas actuacións o establecido nas disposicións legais vixentes e nos presentes Estatutos.
2. Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos Estatutos ou polos realizados negligentemente, na forma que en cada momento determine a lexislación vixente.

Artigo 27.- Carácter gratuito do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a ser resarcidos dos gastos debidamente xustificadas que lles ocasione o desempeño da súa función.

TÍTULO QUINTO. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28.- Patrimonio fundacional

O patrimonio da fundación estará integrado por toda clase de bens, dereitos e deberes susceptibles de valoración económica que integren a dotación ou adquira con posterioridade á súa constitución.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación e constar nos seus inventarios, así como, no seu caso, no Rexistro de fundacións. O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 29.- Dotación da fundación

A dotación da fundación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da fundación e por aqueles outros que no sucesivo se incorporen con ese carácter ou que se afecten, por acordo do padroado, con carácter permanente, aos fins fundacionais.

Artigo 30.- Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fines que la fundación persegue, nas proporciones e nos termos previstos pola lei e os presentes Estatutos.

Artigo 31.- Financiamento

1. A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos seguintes recursos:
 - a) Os recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio.
 - b) Os beneficios que se obteñan mediante o exercicio de actividades lícitas, sexan da índole que sexan, que desenvolve a fundación.
 - c) As disposicións feitas ao seu favor a título gratuito.
 - d) Os recursos procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

2. A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades realizadas sen ánimo de lucro para o cumprimento dos seus fins fundacionais, así como de actividades económicas relacionadas con ditos fins, nos termos legalmente previstos.

Artigo 32.- Réxime contable

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Na actividade contable, a fundación rexerá de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 33.- Administración

Queda facultado o padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao protectorado.

Artigo 34.- Plan de actuación, contas anuais e auditoría

Confeccionarase un plan de actuación no que queden reflectidos os obxectivos e actividades que se preveza desenvolver durante o exercicio seguinte.

O plan de actuación deberá ser aprobado polo padroado e remitido ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio.

As contas anuais, que comprenden o balance, a conta de resultados e a memoria, formarán unha unidade e serán redactadas con claridade e amosarán a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais.

As contas anuais serán aprobadas polo padroado da fundación e un exemplar será presentado ao protectorado no prazo dos vinte días hábiles a contar dende a súa aprobación polo padroado acompañadas de certificación do secretario. As contas serán sometidas a auditoría externa cando así o decida o padroado, e en todo caso nas condicións que legalmente estean establecidas, e o seu resultado será comunicado ao protectorado.

TÍTULO SEXTO. DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 35.- Modificación de Estatutos

Por acordo do padroado, poderán ser modificados os presentes Estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente. Tal modificación acometerase cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación variaran de xeito que esta non poida actuar satisfactoriamente con respecto aos Estatutos en vigor.

Para a adopción de acordos de modificación distintos dos esixidos pola lei será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo padroado terá que ser aprobada polo protectorado e inscrita no Rexistro de fundacións.

Artigo 36.- Fusión con outra fundación

A fundación poderase fusionar con outra ou outras fundacións, despois do acordo dos respectivos padroados.

A fundación poderá integrarse en federacións ou en entidades que persigan fins análogos, por acordo da maioría absoluta do padroado.

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. O acordo de fusión terá que ser comunicado ao protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de fundacións.

Artigo 37.- Extinción da fundación

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 38.- Liquidación e adxudicación

A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo padroado baixo o control do protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas públicas ou privadas que persigan fins de interese xeral semellantes aos da fundación e que teñan afectados os seus bens (mesmo para o suposto da súa disolución) á consecución de aqueles. Correspóndelle ao padroado designar as entidades receptoras de estes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes Estatutos non implica limitación ou relevo nas competencias que ao protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a fundación expresamente se somete.